

Resolución do 12 de xullo de 2011 pola que se aproba o Regulamento do 2º premio ás Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés e o 1ª Premio de Fotografía GDR O Salnés e se convocan os premios correspondentes ao ano 2011.

O Grupo de Desenvolvemento Rural O Salnés (GDR O Salnés) foi creado segundo o disposto no artigo 22 da Constitución, na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e no Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, coa finalidade de ser instrumento básico para a integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de O Salnés.

No exercicio das funcións que ten encomendadas, compete ao GDR O Salnés impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas de desenvolvemento rural para o Salnés. Neste marco, resulta de interese pór en marcha as actuacións que animen á participación pública e privada no proceso de desenvolvemento rural e que contribúan á conservación e dinamización do contorno rural facendo del un medio máis atractivo.

Por estas razóns, estímase conveniente convocar o 2º premio a Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés e 1º premio de Fotografía GDR O Salnés, coa finalidade de premiar aquelas actuacións ou ideas de proxectos innovadores que fomenten a xeración dunha sociedade rural máis viva e cohesionada.

A facultade para aprobar o Regulamento dos premios e para convocalo está delegada no Presidente do GDR O Salnés, segundo o acordo da Xunta Directiva do 16 de xuño de 2011.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar o regulamento do 2º premio a Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés e 1º premio de Fotografía GDR O Salnés, que figura como anexo I desta resolución.
2. Convocar o 2º premio a Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés e 1º premio de Fotografía GDR O Salnés do ano 2011, de acordo coas normas contidas no regulamento que figura como anexo I desta resolución.

Os premios constarán dun diploma para cada premiado e unha dotación en metálico de 2.400 euros que se repartirán segundo o seguinte cadro:

2º premio a Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés	
1ª Mellor Idea	Diploma e 1.000 euros
2ª Mellor Idea	Diploma e 500 euros
3ª Mellor Idea	Diploma e 250 euros
1º premio de Fotografía GDR O Salnés	
1ª Mellor Fotografía	Diploma e 350 euros
2ª Mellor Fotografía	Diploma e 200 euros
3ª Mellor Fotografía	Diploma e 100 euros

Os Premios en metálico financiaranse pola Mancomunidade de O Salnés. Todos os gastos relativos a difusión e promoción do premio financiarase con cargo á conta orzamentaria da medida 431.B. do GDR O Salnés dentro do Programa LEADER 2007-2013 para o ano 2011.

3. As candidaturas, formalizadas no modelo oficial que se publica como anexo II á presente resolución, irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou CIF do participante que presenta a iniciativa.
- b) Memoria detallada da iniciativa segundo o modelo (*só no caso do premio a Ideas de Proxectos Innovadores*).
- c) Fotografía impresa en A4 e fotografía en formato electrónico xunto co modelo de candidatura ou remitíndoa por correo electrónico a info@gdrosalnes.com antes do momento de presentar a candidatura (*só no caso do premio de fotografía*). A resolución mínima da fotografía será de 2400 X 3500 píxeles por polgada.

4. O prazo para presentar as solicitudes será de 2 meses, **entre o 15 de xullo e o 15 de setembro de 2011**. A organización resérvase o dereito a suspender, aprazar, ampliar, cancelar ou modificar as datas de participación neste concurso.

5. Poderase obter a documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:


Páxina web do GDR O Salnés: www.gdrosalnes.com

Facebook: www.facebook.com/gdrosalnes

Enderezo electrónico: info@gdrosalnes.com

Teléfonos: 986 744 909 / 650 255 914.

Vilalonga, 12 de xullo de 2011.



Jorge Domínguez Rosal
Presidente do Grupo de Desenvolvemento
Rural O Salnés

ANEXO I

Regulamento do 2º premio ás Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés e o 1ª Premio de Fotografía GDR O Salnés

Artigo 1º.-Obxecto.

O **premio ás Ideas de Proxectos Innovadores para o Rural do Salnés** poderase conceder a calquera participante que presente unha idea de proxecto ou un proxecto xa realizado que, no seo da Comarca do Salnés, contribúan de xeito singular á promoción do medio rural e á xeración dunha sociedade rural máis dinámica e de maior benestar.

Os proxectos ou ideas de proxectos poden estar sen executar, executados ou en execución na data de publicación da convocatoria do premio.

O **premio de Fotografía GDR O Salnés** poderase conceder a calquera participante que presente unha fotografía vinculada á temática “O Salnés ao Natural”, que contribúa de xeito singular á promoción do medio rural e natural da nosa comarca.

Artigo 2º.-Destinatarios.

En xeral poderán presentar candidaturas aos premios as persoas físicas maiores de idade ou xurídicas, públicas ou privadas.

Así mesmo, poderán presentar candidaturas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, mesmo carecendo de personalidade xurídica.

Unicamente no caso do concurso de Fotografía, poderán presentar candidaturas os menores con idade igual ou superior aos 16 anos. Os menores que desexen participar deberán aportar, así mesmo, autorización do seu titor/representante legal para a súa participación no concurso.

Artigo 3º.-Presentación de candidaturas.

1. As candidaturas formalizaranse coa presentación da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou CIF do participante que presenta a iniciativa.
- Solicitud de participación, segundo o modelo normalizado do anexo II.

A solicitud de participación deberá ser cuberta en todos os seus campos, de forma clara, concisa e con todos os datos requiridos, sen prexuízo de que o GDR O Salnés poida requirir do interesado a emenda da solicitud, nos termos previstos no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común (en diante, LRXAP). A solicitude deberá acompañarse de:

- ✓ No caso do premio a Ideas de Proxectos Innovadores: Modelo de proposta de proxecto segundo o modelo do anexo II.
 - ✓ No caso do premio de Fotografía: Fotografía impresa a cor e en A4 e fotografía en formato electrónico. A fotografía en formato electrónico poderá ser entregada nun CD, DVD, Pendrive, etc... ou ben a través do correo electrónico a info@gdrosalnes.com. No caso de enviála por correo electrónico, deberá entregarse xunto coa candidatura a mensaxe impresa, de maneira que o GDR poida localizar a fotografía. A resolución mínima da fotografía será de 2400X3500 píxeles por pulgada.
- Calquera outra documentación que o participante considere interesante, tal como cartas de apoio, publicacións, outros documentos gráficos e, en xeral, calquera outra que contribúa a fortalecer a iniciativa que se presenta.
 - Xunto coa documentación referida, os participantes deberán presentar unha declaración das axudas/premios solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, con referencia, de ser o caso, das axudas suxeitas ao réxime de minimis concedidas no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude de participación neste premio.
 - Así mesmo, deberán presentar unha declaración de non estaren incursos en ningunha das situacións previstas nos números 2 e 3 artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As candidaturas presentaranse no rexistro do GDR O Salnés sito en Rúa do Vilar, 1 36990 Vilalonga, Sanxenxo, Pontevedra.

Os datos persoais facilitados polos participantes formarán parte dun ficheiro automatizado de titularidade do GDR O Salnés, cuxa finalidade é xestionar a súa participación no concurso. Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante solicitude escrita dirixida ao GDR O Salnés. Os datos serán tratados de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Non se poderán presentar aquelas iniciativas, ideas de proxectos ou fotografías que foran premiadas con anterioridade noutros concursos ou certames, non existindo limitación en canto ao número de proxectos, ideas de proxectos ou fotografías que poden presentar cada un dos participantes.

Non se aceptarán a concurso as ideas de proxectos ou fotografías que dalgún xeito infrinxan as leis nacionais ou internacionais ou atenten contra o honor ou a dignidade das persoas nin os que dalgún xeito infrinxan dereitos de imaxe, intimidade, honor, propiedade intelectual ou industrial.

Os participantes garanten que as ideas de proxectos e fotografías que presentan para a participación no concurso son da súa autoría ou ben que ostentan sobre os mesmos

os dereitos necesarios para participar neste concurso cumprindo as condicións establecidas nestas bases. Os participantes garanten que as propostas presentadas non infrinxen ningún dereito de imaxe, propiedade intelectual ou industrial nin atentan contra o honor ou a dignidade de ningunha persoa. Os participantes garanten que as propostas presentadas ou a súa publicación e difusión por calquera medio non infrinxen ningún precepto penal ou administrativo. Neste sentido, os participantes serán os únicos responsables no caso de plaxio ou infracción de dereitos de propiedade intelectual, así como de calquera outra infracción da lexislación vixente.

En todo caso, o GDR O Salnés terá a facultade de rexeitar calquera proposta e denegar a súa participación no concurso en caso de dúbidas razoables sobre a súa conformidade coas leis e coas condicións previstas nestas bases. Tamén poderá rexeitar calquera proposta se considera que non se adecúa á temática do concurso.

3. O prazo de presentación das solicitudes será o que establece a convocatoria.

Artigo 4º.-Proceso de selección das candidaturas.

1. Para a convocatoria constituirase un xurado, que será designado para o efecto pola Xunta Directiva do GDR O Salnés. Este xurado seleccionará o gañador de entre todas as candidaturas, emitindo cada membro do Xurado un voto. En caso de empate decidirse por acordo entre todos os membros, actuando o voto do presidente como voto de calidade no caso de novo empate ou non acordo.

Competen ao xurado, entre outras actuacións:

- Seleccionar a idea de proxecto/fotografía de acordo cos criterios referidos no artigo 5º deste regulamento.
- Efectuar a proposta de resolución, que terá carácter vinculante para o órgano encargado de resolver a selección das candidaturas premiadas, o Presidente.
- Resolver as incidencias que puideren presentarse no curso do procedemento de selección de candidaturas naqueles supostos non previstos neste regulamento.
- A actuación do xurado rexerese polo disposto no capítulo II do título I da LRXAP.

3. No curso do procedemento de selección, o xurado pode solicitar tanta información considere oportuna respecto das candidaturas presentadas.

Artigo 5º.-Criterios de valoración.

Os premios outorgaranse ás iniciativas que se adecúen aos requisitos esixidos neste regulamento, conforme os seguintes criterios de valoración:

No caso do premio a Ideas de Proxectos Innovadores

1. Grao de contribución á xeración de riqueza e benestar no Salnés.

2. Grao de participación dos axentes do territorio na definición e desenvolvemento da iniciativa.
3. Grao de consolidación ou viabilidade da iniciativa.
4. Grao de innovación.
5. Grao de contribución á inserción de colectivos ou persoas socialmente desfavorecidas.
6. Grao de contribución á mellora do ambiente e ao desenvolvemento sustentable do medio rural.

No caso do premio de Fotografía:

1. Grao de relación coa temática do premio: "O Salnés ao Natural".
2. Grao de contribución á exaltación do medio rural e/ou natural existente na comarca do Salnés.
3. Grao de vinculación da fotografía a iniciativas de desenvolvemento sustentable do medio rural ou natural.
4. Grao de singularidade/orixinalidade da fotografía.
5. Grao de relación cos sectores máis importantes da nosa comarca: turismo, agricultura, pesca,...

Artigo 6.-Premios.

O premio que se concede no marco deste regulamento constará dun diploma e da dotación económica que se establece na convocatoria.

No marco deste regulamento, o xurado concederá un 1º, 2º e 3º premio para as candidaturas que supoñan as mellores ideas de proxecto ou fotografías. Así mesmo, poderá acordar a concesión compartida dun premio entre varias candidaturas.

O GDR O Salnés reserva o dereito de facer público o nome dos participantes finalistas que será publicado na páxina web www.gdrosalnes.com. No caso dos menores de idade, enténdese que a autorización por parte do titor ou representante legal a optar aos premios inclúe a autorización a facer público o seu nome.

Os participantes finalistas serán informados por escrito e deberán aceptar o premio dentro do prazo de quince (15) días dende que se lle comunique a concesión do premio, considerándose que o rexeita no caso contrario. A aceptación deberá ser por escrito seguindo as indicacións que lle serán comunicadas. No caso de non aceptación por parte do gañador, o premio non se outorgará a ningún outro participante. Os premios ou regalos non son transferibles, ni poderán ser obxecto de impugnación nin de reclamación.

O GDR O Salnés reserva o dereito a declarar deserto o premio, se as candidaturas presentadas non reunisen os méritos suficientes.

Artigo 7º.-Consentimentos e autorizacións.

A presentación da solicitude de participación comporta a autorización do solicitante para que o GDR O Salnés realice o tratamento necesario dos datos da idea de proxecto/fotografía ou proposta para a súa publicación e difusión, tanto a través da súa páxina web, como do boletín dixital ou eventos que realice para a sensibilización e dinamización do rural.

Artigo 8º.-Obriga dos premiados.

Con carácter previo á concesión do premio, deberase acreditar que os candidatos propostos están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non teñen débeda pendente de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9º.-Entrega de premios.

A entrega de premios efectuarase en acto público, no lugar e na data que se determine.

Artigo 10º.-Recursos e outras normas.

1. O GDR O Salnés resérvase o dereito de retirar, suspender ou modificar este concurso e modificar o contido das presentes bases en calquera momento no suposto de que aconteza calquera circunstancia imprevista que estea fora do seu control razoable, xa sexa fortuíta, de forza maior ou pola actividade irregular dun participante ou un terceiro, sen que incorra en responsabilidade algunha fronte aos participantes, premiados ou terceiras persoas. Así mesmo resérvase en todos os casos a posibilidade de prolongar o período de participación. As bases e as súas posibles modificacións serán publicadas en forma permanente na páxina web www.gdrosalnes.com.

2. O GDR O Salnés será o único facultado para resolver calquera situación non contemplada nestas bases e poderá, se fora necesario, engadir novas condicións ou novos sistemas de participación, sen que poida entenderse que incorre en responsabilidade algunha fronte aos participantes, premiados ou terceiras persoas. Tamén poderá levar a cabo a publicidade do sorteo e dos seus resultados en Internet e por outros medios, incluíndo ou non o nome dos gañadores, se así o estima conveniente. Os gañadores non poderán esixir contrapartida algunha por iso nin opoñerse a dita publicación, salvo renunciando de forma expresa e por escrito ao premio.

3. Os participantes autorizan a levar a cabo calquera verificación da súa identidade, idade e datos postais. Calquera declaración falsa, indicación de identidade ou de enderezo falso ocasionará a descalificación inmediata do participante e, no seu caso, a obriga de devolver o premio xa entregado. A presentación dunha proposta que infrinja calquera precepto legal ou dereito dun terceiro, ou supoña un plaxio, conlevará

igualmente a denegación do premio ou a devolución do premio que houbera sido entregado.

4 . A convocatoria, o regulamento, así como os actos expresos ou presuntos ditados na súa aplicación poderán ser impugnados potestativamente mediante recurso de reposición ante a Xunta Directiva do GDR O Salnés, ou ben directamente mediante recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso - administrativa.

5. En todo o non previsto neste regulamento será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. O procedemento de concesión dos premios ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos (DOUE nº L 379/5, do 28 de decembro de 2006). De acordo con este regulamento, a axuda total de mínimos concedida a un beneficiario non será superior a 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

ANEXO II
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
2º PREMIO ÁS IDEAS DE PROXECTOS INNOVADORES PARA O RURAL DO SALNÉS E 1º PREMIO DE FOTOGRAFÍA GDR O SALNÉS	SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		NOME		DNI/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO		CÓD. POSTAL
LOCALIDADE	TELÉFONO	TELEF. MÓBIL	FAX	E-MAIL	

DATOS DO/A REPRESENTANTE (Cubrir no caso de entidades)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
------------------	-----------------	------	-----

DATOS DO/A TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL (Cubrir no caso de menores de idade)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
------------------	-----------------	------	-----

PREMIO NO QUE PARTICIPA

<input type="checkbox"/> 2º PREMIO ÁS IDEAS DE PROXECTOS INNOVADORES PARA O RURAL DO SALNÉS	<input type="checkbox"/> 1º PREMIO DE FOTOGRAFÍA GDR O SALNÉS: "O SALNÉS AO NATURAL"
---	--

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI/CIF <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS/PREMIOS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE NON ESTAREN INCURSO EN NINGUNHA SITUACIÓN ARTIGO 10 DA LEI 9/2007 <u>NO CASO DO CONCURSO DE IDEAS DE PROXECTOS:</u> <input type="checkbox"/> MODELO DE PROPOSTA DE PROXECTO <u>NO CASO DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:</u> <input type="checkbox"/> FOTOGRAFÍA IMPRESA A COR E EN A4 <input type="checkbox"/> FOTOGRAFÍA EN FORMATO ELECTRÓNICO OU XUSTIFICANTE DE ENVIALA POR CORREO ELECTRONICO <input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN DO TITOR/REPRESENTANTE LEGAL (NO CASO DE MENORES DE IDADE)	OUTRA DOCUMENTACIÓN (non é obrigatorio) <input type="checkbox"/> CARTAS DE APOIO <input type="checkbox"/> PUBLICACIÓNS/ESTUDOS <input type="checkbox"/> OUTROS (VIDEOS, XUSTIFICACIÓN DE PARTICIPACIÓN EN CERTAMES, ETC...)
---	--

O/A solicitante do premio autoriza ao GDR O Salnés a publicar na súa páxina web oficial os datos referidos ás propostas presentadas e aos premios concedidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario do datos e da súa publicación na páxina web.

O/A solicitante garante que as ideas de proxectos/fotografías que presentan para a participación no concurso son da súa autoría ou ben que ostentan sobre os mesmos os dereitos necesarios para participar neste concurso cumprindo as condicións establecidas nestas bases. O/A solicitante garante que as propostas presentadas non infrinxen ningún dereito de imaxe, propiedade intelectual ou industrial nin atentan contra o honor ou a dignidade de ningunha persoa. O/A solicitante garante que as propostas presentadas ou a súa publicación e difusión por calquera medio non infrinxen ningún precepto penal ou administrativo. Neste sentido, o/a solicitante será o/a único/a responsable no caso de plaxio ou infracción de dereitos de propiedade intelectual, así como de calquera outra infracción da lexislación vixente.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

LUGAR E DATA _____, ____ de _____ de 2011

*Presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural do Salnés
Rúa do Vilar, 1 36990 Vilalonga, Sanxenxo, Pontevedra.*

MODELO DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS / PREMIOS

PROCEDEMENTO 2º PREMIO ÁS IDEAS DE PROXECTOS INNOVADORES PARA O RURAL DO SALNÉS E 1º PREMIO DE FOTOGRAFÍA GDR O SALNÉS	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

D./Dna. _____
 con DNI _____ actuando

en representación propia

en representación de _____
 con CIF _____ en calidade de _____
(Cargo que ostenta na entidade representada)

DECLARA

- NON TER SOLICITADO OUTRAS AXUDAS / PREMIOS PARA O PROXECTO / FOTOGRAFÍA
- TER SOLICITADO OUTRAS AXUDAS / PREMIOS DOS ORGANISMOS QUE SE MENCIONAN A CONTINUACIÓN PARA O PROXECTO / FOTOGRAFÍA:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	ORIXE DOS FONDOS	SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA/PREMIO	IMPORTE DA AXUDA/PREMIO

- (1) Título da convocatoria e número do DOGA.
 (2) Indique: Solicitada, Concedida ou Pagada.

Así mesmo, comprométese a comunicarlle ao GDR O Salnés calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración, e en todo caso, antes do cobramento do premio correspondente a esta solicitude.

Así mesmo, **DECLARA** que

- NON** obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de *mínimis* no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude.
- SÍ** obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de *mínimis* nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

ORGANISMO CONCEDENTE	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE

IMPORTE TOTAL das axudas de <i>mínimis</i> percibidas	IMPORTE
---	----------------

E para que conste aos efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso, en _____, a ____ de _____ de 2011.

Asdo.: _____

**MODELO DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS SITUACIÓNS
PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007**

PROCEDEMENTO

DOCUMENTO

**2º PREMIO ÁS IDEAS DE PROXECTOS INNOVADORES PARA O
RURAL DO SALNÉS E 1º PREMIO DE FOTOGRAFÍA GDR O SALNÉS**

SOLICITUDE

D./Dna. _____

con DNI _____ actuando

en representación propia

en representación de _____

con CIF _____ en calidade de _____

(Cargo que ostenta na entidade representada)

DECLARA

Non estar incurso en ningunha das situacións previstas nos números 2 e 3 artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sí estar incurso en algunha das situacións previstas nos números 2 e 3 artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste aos efectos oportunos, asino esta declaración - compromiso, en _____,
a ____ de _____ de 2011.

Asdo.: _____

**MODELO DE PROPOSTA DE PROXECTO
(CUBRIR SÓ NO CASO DO PREMIO A IDEAS DE PROXECTOS)**

TÍTULO

BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO (INDICAR CLARAMENTE EN QUE CONSISTE, E COMO SE PORÍA EN MARCHA, A QUE COLECTIVOS VAI DIRIXIDO, CAL É O SEU ÁMBITO DE ACTUACIÓN, ASPECTOS MÁIS RELEVANTES OU ATRACTIVOS,...)

ADECUACIÓN AOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

GRAO DE CONTRIBUCIÓN Á XERACIÓN DE RIQUEZA E BENESTAR NO SALNÉS
GRAO DE PARTICIPACIÓN DOS AXENTES DO TERRITORIO NA DEFINICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA
GRAO DE CONSOLIDACIÓN OU VIABILIDADE DA INICIATIVA

GRAO DE INNOVACIÓN

GRAO DE CONTRIBUCIÓN Á INSERCIÓN DE COLECTIVOS OU PERSOAS SOCIALMENTE DESFAVORECIDAS

GRAO DE CONTRIBUCIÓN Á MELLORA DO AMBIENTE E AO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DO MEDIO RURAL